



Obrigas de condicionalidade que deberán respectar os solicitantes das axudas da PAC

Ámbito de Medio Ambiente, Cambio Climático e Boas Condicións Agrícolas da Terra



MEDIO AMBIENTE, CAMBIO CLIMÁTICO E BOAS CONDICIÓNS AGRÍCOLAS DA TERRA

➤ **BCAM 1. Creación de franxas de protección nas marxes dos ríos**

7. Nas marxes dos ríos, lagos e lagoas consideradas a partires da ribeira, non se aplican fertilizantes nunha franxa cuxa anchura mínima será de 5 m, e en ditas franxas non hai produción agrícola, excepto os cultivos leñosos que xa estean implantados.
8. Respéctase, no seu caso, o resto de requisitos relativos ás condicións de aplicación de fertilizantes a terras próximas a cursos de auga establecidas no Código de Boas Prácticas Agrarias ou outra normativa que ao respecto dispoña a Comunidade Autónoma. Especialmente no referido a non aplicar restos orgánicos, efluentes ou semellantes a menos de 35 m das fontes, pozos ou perforacións que subministren auga para o consumo humano ou se vaia empregar nos sistemas de muxido.
9. Nas marxes dos ríos, lagos e lagoas consideradas a partir da ribeira, non se aplican produtos fitosanitarios nunha franxa de 5 m. de ancho sen prexuízo dunha limitación maior recollida na etiqueta de ditos produtos.

➤ **BCAM 2. Cumprimento dos procesos de autorización do uso de auga de rega**

10. En superficies de rega, ou que se regan, o agricultor acredita o seu dereito de uso de auga de rega concedido pola Administración hidráulica competente.

➤ **BCAM 3. Protección das augas subterráneas contra a contaminación. Protección das augas subterráneas e medidas para previr a contaminación indirecta das augas subterráneas mediante o verquido sobre o terreo e a filtración a través do solo de substancias perigosas, tal e como se enumeran no anexo da Directiva 80/68/CEE na súa versión en vigor no seu último día de vixencia, na medida que teña relación coa súa actividade agrícola.**

11. Os agricultores non deben verter de xeito directo ou indirecto, as substancias da listaxe I da Directiva 80/68/CEE, tales como refrixerantes, disolventes, praguicidas, fitosanitarios, baterías, hidrocarburos, aceites de motor, etc.
12. Os agricultores non deben verter, a non ser que se obteña autorización, de forma directa ou indirecta as substancias da listaxe II da Directiva 80/68/CEE, tales como abonos, estercos, etc.

➤ **BCAM 4. Cobertura mínima do solo**

13. Nas parcelas agrícolas de secaño que se sementen con cultivos herbáceos de interno, non se labra con volteo o solo, entre a data de recolección da colleita anterior e o 1 de agosto.
14. Os cultivos leñosos en pendente igual ou superior ao 15%, salvo que a pendente estea compensada mediante terrazas ou bancais, mantense unha cuberta vexetal de anchura mínima de 1 metro nas rúas transversais á liña de máxima pendente ou nas rúas paralelas a dita liña, cando o deseño da parcela ou o sistema de rega impidan o seu establecemento noutra dirección.
15. Non se arranca ningún pe de restos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 15% (salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante





terrazas ou socalcos), salvo que sexa obxecto de reposición autorizada pola autoridade competente e naquelas zonas nas que así se estableza e nestes casos respectar as normas destinadas a súa reconversión cultural e varietal e aos cambios de cultivo ou aproveitamento.

16. Nas terras de barbeito realízanse as prácticas tradicionais de cultivo, prácticas de mínimo laboreo ou se mantén unha cuberta vexetal axeitada, ben sexa espontánea, ben mediante a sementeira de especies melloradoras.
17. As parcelas nas que non se realice actividade agraria mantéñense consonte coas normas locais reguladoras de dita situación.

➤ **BCAM 5. Xestión mínima das terras que reflecta as condicións específicas locais para limitar a erosión**

18. Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non se labra con volteo a terra na dirección de máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media sexa maior ou igual ao 15% salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos
19. En cultivos leñosos non se labra con volteo a favor da pendente a terra en recintos con pendentes iguais ou superiores ao 15%, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos, se adopten formas especiais de cultivo, como o cultivo en faixas, se practique laboreo mínimo ou de conservación, ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. No caso de existencia de socalcos, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos taludes existentes.

➤ **BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no suelo mediante prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar rastrollos, excepto por razóns fitosanitarias.**

20. Non se queiman rastrollos en todo o ámbito nacional, salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima esta autorizada pola autoridade competente, en cuxo caso estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de incendios, e en particular, as relativas á anchura mínima dunha franxa perimetral cando os terreos xuntos con terreos forestais.
21. Cando se eliminen restos de colleita de cultivos herbáceos, de poda de cultivos leñosos, e calquera residuo vexetal procedente de traballos efectuados na propia finca, realízase, no seu caso, consonte coa normativa establecida.
- 134.- A aplicación de xurro nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns. Segundo as excepcións contempladas nas ordes da Consellería do Medio Rural do 26 de febreiro de 2018 e do 22 de xaneiro de 2019, os xurros poderán aplicarse mediante sistemas de prato ou abano, quedando prohibida a aplicación mediante canóns.
- 135.- Os esterco sólidos deberán soterrarse despois da súa aplicación no menor prazo de tempo posible. Na orde da Consellería do Medio Rural do 6 de febreiro, exceptúanse de cumprir con esta obriga os cultivos mediante sementeira directa ou mínimo laboreo, os pastos e cultivos permanentes e cando a achega de esterco sólido se realice co cultivo xa instalado. Na orde da Consellería do Medio Rural do 26 de febreiro exceptúase o cumprimento desta obriga cando o uso do esterco se corresponda con prácticas tradicionais. Na orde da





Consellería do Medio Rural do 22 de xaneiro de 2019 mantéñense as excepcións citadas nos parágrafos anteriores.

- **Requisito Legal de Xestión 2. Directiva 2009/147/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres.**
 - 22. Os agricultores non levan a cabo cambios que impliquen a eliminación ou transformación da cuberta vexetal, sen a correspondente autorización da administración cando sexa preceptiva.
 - 23. O agricultor non levantou edificacións nin levou a cabo modificacións de camiños sen autorización da administración cando sexa preceptiva.
 - 24. Non se depositan, máis aló do bo uso necesario, ou abandonan na explotación envases, plásticos, cordas, aceite ou gasoil da maquinaria, utensilios agrícolas en mal estado ou outro produto biodegradable ou non biodegradable.

- **Requisito Legal de Xestión 3. Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992 sobre a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres cuxas especies relacionanse no seu anexo II. (artigos 6,1 e 6,2).**
 - 25. Nas explotacións situadas en zonas afectadas por plans de recuperación e conservación de especies ameazadas, cúmprese o establecido nos mesmos (por exemplo: uso ilegal de substancias tóxicas, cebos envelenados, a electrocución, existencia de especies exóticas invasoras ,tanto animais como vexetais, etc.)
 - 26. Se na explotación se realizou unha actuación, ben sexa, plan, programa ou proxecto, que require o sometemento, segundo normativa nacional e/ou rexional de aplicación, a Avaliación Ambiental Estratéxica o Avaliación de Impacto Ambiental, dispónse do correspondente certificado de non afección a Rede Natura 2000, a declaración de impacto ambiental, e cantos documentos sexan preceptivos neses procedementos. Ase mesmo, que, no seu caso, executáronse as medidas preventivas, correctoras e/ou compensatorias indicadas polo órgano ambiental.

- **BCAM 7. Mantemento das particularidades topográficas e prohibición de cortar sebes e arbores durante a época de cría e reprodución das aves**
 - 27. Non se alteran as particularidades topográficas ou elementos da paisaxe seguintes, salvo no caso de contar coa autorización expresa da autoridade competente.
 - i. Sebes dunha anchura de ata 10m
 - ii. Arbores illados ou en fía
 - iii. Lindes dunha anchura de ata 10 metros
 - iv. Charcas, lagoas, estanques e bebedoiros naturais de ata un máximo de 0,1 h. Non se consideran os depósitos de cemento ou plástico.
 - v. Illas e enclaves de vexetación natural ou roca: ata un máximo de 0,1 ha
 - vi. Terrazas dunha anchura, en proxección horizontal, de ata 10 metros.
 - vii. Elementos da arquitectura tradicional que poidan servir de refuxio para a flora e fauna.
 - 28.- Respéctase a prohibición de cortar tanto sebes como árbores durante a temporada de cría e reprodución das aves (meses de marzo a xullo), salvo autorización expresa da autoridade medioambiental.

